

# Xornada informativa “Coñece os programas de apoio ás entidades adheridas á Rede Eusumo”



eusumo  
Cooperativismo e Economía Social



XUNTA DE GALICIA

Como cada ano a Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia convoca as subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da economía social.

Con este motivo organízase unha xornada informativa orientada a dar a coñecer os distintos programas de axudas para 2016 e resolver todas as dúbidas que expoñan as distintas entidades adheridas á Rede Eusumo que están en disposición de presentarse a esta convocatoria.

## PROGRAMA

10:30 h.

**Recepción dos asistentes**

10:40 h.

**Benvida á xornada informativa** “Coñece os programas de apoio ás entidades adheridas á Rede Eusumo”

Covadonga Toca Carús, secretaria xeral de Emprego

10:50 h.

**Presentación dos programas de axudas para o fomento do cooperativismo e da economía social**

Alba Paz Boubeta, subdirectora xeral de Economía Social  
Coordinación técnica da Rede Eusumo

13:30 h.

**Peche da xornada.**

**Martes 8 de marzo de 2016. 10:30 h. a 13:30 h.**

**Santiago.** Salón de actos do Mupega (Museo Pedagógico de Galicia).

Rúa de San Lázaro 107, Santiago de Compostela, 15871.



## Obxectivos

- Presentar os distintos programas de apoio ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo enfocados á realización de actividades de impulso e fomento do cooperativismo e a economía social:

**Programa I-** Fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.

**Programa II-** Oficinas locais de fomento cooperativo e da economía social.

**Programa III-** Apoio ás entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades no marco da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.

- Dar resposta a todas as dúbidas que as entidades asociadas á Rede Eusumo expoñan e facilitar, deste xeito, o deseño da programación das súas accións e a presentación das solicitudes de subvención para os distintos programas.

## Destinatarios

- Representantes das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais para as actuacións previstas no programa I.

- Representantes dos concellos de Galicia que, a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios, dun consorcio local ou dunha agrupación dun mínimo de catro concellos que pertencen a unha mesma zona, estean en condicións de optar ás actuacións previstas no programa II.


- Representantes das fundacións e asociacións, as cámaras de comercio, as organizacións profesionais, empresariais e sindicais e outras entidades sen ánimo de lucro adheridas á Rede Eusumo para as actuacións previstas no programa III.

## Inscricións

Co fin de que a xornada sexa o máis produtiva posible, solicitamos confirmación de asistencia **(nome e apelidos, entidade, dúbidas, teléfono e correo electrónico).**

Xunto coa confirmación, sería moi útil que se formulasen as dúbidas que poidan xurdir en relación coa convocatoria, co obxecto de darlle a resposta máis axeitada durante a xornada.

### Confirmación de asistencia en:

 **981 558 008**

 **info@eusumo.gal**



